

# A Estrada PODE

## PROGRAMA ELECTORAL

Na liña participativa encamiñada por A Estrada PODE, é preciso abordar a elaboración do noso Programa Electoral coma unha construción, entre todas e todos, dun novo xeito de entender o pobo, transparente, participativo, aberto e á medida da cidadanía.

O proceso de redacción do marco programático aséntase nos alicerces dos que nos dotamos cando iniciamos a nosa andaina: a radicalidade democrática, a transparencia, a defensa do Ben Común, a sustentabilidade, a igualdade, a laicidade e o empoderamento cidadá.

Inicialmente, e como medida prioritaria servinte de antesala ó desenrolo do programa, relizaranse as seguintes xestións:

### **10 MEDIDAS DE URXENCIA A TOMAR NOS PRIMEIROS 100 DÍAS DE GOBERNO MUNICIPAL.**

- 1.- Auditoría da débeda municipal e dos contratos dos servizos públicos municipalizados.
- 2.- Redución e limitación de salarios do alcalde e concelleiros.
- 3.- Limitación de mandatos a un máximo de 8 anos.
- 4.- Supresión de asesores e establecemento dun número máximo por grupo con limitación salarial.
- 5.- Plan de Medidas Urxentes, negociado cos axentes sociais, de incentivos á creación de emprego, especialmente, para a mocidade e parados de longa duración.
- 6.- Plan de choque contra a pobreza, a desigualdade e a exclusión social.
- 7.- Impulso á rede de Escolas Infantís Municipais
- 8.- Apoio e compromiso municipal para impedir os desafiuzamentos.
- 9.- Valoración do pagamento do IBI atendendo á situación persoal e familiar.
- 10.- Políticas urxentes de fixación de poboación no Concello.

**Incluír cidadáns como observadores nos procesos de selección de persoal para postos de traballo do concello.** O concello habilitará unha páxina web na que todos os cidadáns que o queiran se poidan inscribir. Entre eles seleccionárase a dous aleatoriamente para que participen con voz pero sen voto como observadores nos procesos de selección de persoal. En cada proceso farase un sorteo independente.

# BASE ORGANIZATIVA

En A Estrada PODE búscase contemplar todas as áreas de necesidade da cidadanía e de xestión municipal. Por iso, compre redactar un desenvolvemento axeitado sobre, entre outras, as seguintes temáticas:

**ÁREA 1:** MODELO DE ORDENACIÓN TERRITORIAL E URBANA

**ÁREA 2:** SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

**ÁREA 3:** ECONOMÍA E EMPREGO

**ÁREA 4:** DEREITOS E XUSTIZA SOCIAL

**ÁREA 5:** CULTURA, PATRIMONIO E IDENTIDADE

**ÁREA 6:** GOBERNO LOCAL, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN

**ÁREA 7:** NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

**ÁREA 8:** A ESTRADA: MUNICIPIO DO BEN COMÚN

## **ÁREA 1:** MODELO DE ORDENACIÓN TERRITORIAL E URBANA

A Estrada evolucionou nun espazo alleo as persoas onde a zona pública de relación era cada vez menor. Unha vila é moito máis e para tecer as redes de relación que nos configuran como seres sociais. Compre subliñar que A Estrada non é só unha vila. A estrada ten un intenso compoñente rural que adoita estar esquecido e que compre reincorporar ao conxunto.

Compre configurar estas relacións intra-vila, vila-rural e cidade-espazo físico depende do modelo de ordenación territorial e urbana que definamos. Un modelo desde e para as persoas, sustentable, participativo, no que cabemos todos e todas. Unha vila para nenos e nenas, pero tamén para maiores, para residentes e para visitantes. Unha vila que establece relacións intensas cos concellos limítrofes. **En definitiva, unha vila verdadeiramente habitable e sostible.**

**Urbanismo:** Revisar o planeamento urbanístico adaptándoo ás necesidades de crecemento actuáis. Recualificación do espazo público. Proposta dun urbanismo que incida no cualitativo sobre o cuantitativo. Revisión urbanística que limite o crecemento expansivo da vila en prol da compactación e recheo de espazos baleiros existentes.

Publicación na web/SIX as licenzas, permisos de obras e ocupación de rúa, vados, terrazas, ... Publicar na web a través do Sistema de Información Xeográfico Municipal (SIX) todas as licenzas e permisos que afecten ao territorio, coa información suficiente que permita á veciñanza coñecer e avisar/denunciar de ser o caso as infraccións urbanísticas ou de incorrecta ocupación de rúa, mellorando como consecuencia o cumprimento da normativas urbanísticas e a redución do fraude fiscal municipal, por exemplo por vados que levan anos dados de baixa pero que seguen sinalizados. Esta medida debería estar acompañada dunha rápida actuación no caso de indicios de ilegalidade.

**Medio rural:** Creación dunha GRANXA ESCOLA. Estudio da viabilidade para crear unha granxa escola nunha parroquia rural do concello, e a maiores albergue turístico, temos como exemplo a da Fervenza do Toxa: <http://www.granxaescola.com/>

Serviría de dinamizador de toda a zona, levando a nenos e familias da zona urbana a visitala posto que desgraciadamente moitos saben de onde ven o leite nin nunca viron unha galiña poñer un ovo. Excursións de colexios, actividades. Asemade, a habilitación dunha área recreativa e de sendeiros ao longo da zona que rodea o lugar.

**Mobilidade:** Incorporar autobuses públicos de menor tamaño e maior frecuencia en certos percorridos ruráis curtos que permita a convivencia. Esta medida ten tamén en conta o nivel de envellecemento nesas zonas.

## **ÁREA 2: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL**

**Xestión de residuos:** Compostaxe. Fomento e mesmo incentivo (redución da cuota de tratamento de residuos) para aqueles domicilios (de especial interese no rural) que empreguen a compostaxe doméstica ou o uso da fracción orgánica para a alimentación de animais (pitas, porcos). Igualmente para comunidades.

**Enerxía:** Aplicar criterios biocimáticos nos edificios e equipamentos municipais. Aplicar criterios biocimáticos nos edificios e equipamentos municipais. Incluír criterios bioconstrutivos en calquera novo proxecto de equipamento municipal ou urbanización de rúas seguindo tres criterios:

- o Integración no proxecto en cuestión das variábeis do entorno climático
- o Adecuación da forma, distribución e orientación do equipamento
- o Aplicación de medidas óptimas de illamento térmico

Adhesión ao manifesto "Concellos enerxeticamente sostibles"

**Auga:** Depuración / lagunaxe. Para aplicar no rural. Posta en marcha de sistema de depuración por lagunaxe para particulares e pequenas comunidades.

**Biodiversidade:** Apoiar proxectos produtivos que supoñan un uso tradicional que contribúa ao mantemento da biodiversidade, e pola outra con proxectos de lecer que axuden a valorar os mesmos (como rutas, actividades deportivas, voluntariado ambiental).

Declarar A Estrada "Concello Libre de Transxénicos" facendo as xestións oportunas para evitar o cultivo e consumo no seu territorio

### **Benestar animal:**

- ✓ Prohibición dos circos con animais. A loita polos dereitos dos animais é moi de actualidade e vén de dar importantes pasos ao longo de todo o país e do Estado. Non se pode concebir unha candidatura nova e rupturista sen plantexar estas propostas, polo que AEPODE abogará pola prohibición de circos con animais ou calquera outro tipo de espectáculo que implique maltrato animal.
- ✓ Establecer puntos da vila donde ceibar os cans e cadelas. Realizar un estudo das zonas da vila susceptibles de ser habilitadas como zonas verdes, segundo as necesidades de cada barrio, restructurando parques e xardíns xa existentes que polo seu tamaño permitan o correcto espallamento dos animais. Reservar para o vindeiro orzamento unha partida que permita cubrir os gastos para habilitar e sinalizar as mencionadas zonas coa maior brevidade posible. Situar dispensadores de bolsas biodegradables e puntos de recollida para os excrementos.

- ✓ Oposición ó uso de recursos públicos e subvención a actividades incompatibles co respecto e benestar dos animais. Así como actividades nas que estén envoltas empresas que testen produtos con animais.
- ✓ Campañas de concienciación do respecto ós animais e de tenencia responsable, e información sobre a correcta identificación do animal, as vacunas necesarias, información sobre a esterilización, así coma a recollida de excrementos ou lugares habilitados para ceibar os cans.
- ✓ Creación e xestión de titularidade pública dun centro de recollida de animais.
- ✓ Fomento das adopcións responsables con asistencia veterinaria cuberta durante o primeiro ano.
- ✓ Proxectos educativos para escolas e diferentes centros. Desde Asociacións Animalistas estase levando a cabo proxectos de educación nas escolas a distintos niveis, mostrando a realidade e fomentando o amor e respecto polos animais. Temas coma o maltrato, o abandono animal ou a carencia de chip son máis que comúns neste país e con educación pódense solventar. Moitas veces e a desinformación o peor inimigo.
- ✓ Fomar a policía municipal no coñecemento e aplicación da lexislación municipal de Posesión e Custodia de Animais. Coñecemento e aplicación da lexislación (a Lei 1/93 e a Ordenanza Municipal de Posesión e Custodia de Animais de Marzo de 2003). Dotalos de leitores de microchips.

**Educación ambiental:** Proxecto 50/50 de eficiencia enerxética nos centros educativos: Inspirado na [metodoloxía 50/50 do proxecto Euronet](#), o proxecto 50/50 combina a educación ambiental co incentivo económico directo aos centros educativos que, grazas á aplicación da metodoloxía, demostran ter acadado unha redución das súas facturas de luz, gas ou outras enerxías. O 50% do aforro acadado será reembolsado ao centro educativo vía subvención directa, para mellora de infraestruturas ou a realización de actividades acordadas pola comunidade educativa do centro (profes, pais e nais, alumn@s).

IDEAS: Premiar as condutas sostibles dos cidadadáns e das empresas. Recollida de residuos especiais polo rural.

### ÁREA 3: ECONOMÍA E EMPREGO

#### **Desenvolvemento da economía local:**

1. Orzamentos participativos que dean cabida á participación cidadá e asociativa nas decisións de gasto. Utilización da banca ética e das cooperativas de aforro por parte dos departamentos contables e financeiros do Concello.
2. Contratación socialmente responsable. Controlar as empresas contratadas para a prestación de servizos mediante a revisión das cláusulas, de xeito que as condicións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras non sexan discriminatorias. Introducir nos pregos de condicións das obras e servizos municipais criterios de valoración que primen ás empresas que acrediten emprego estable. De xeito consensuado cos axentes sociais, reserva dunha porcentaxe dos contratos municipais para entidades de economía social, e reserva dun porcentaxe das prazas de emprego público para persoas con diversidade funcional. Estudar a posibilidade de condicionar determinados servizos nun sentido social, como por exemplo o uso de produtos agroalimentarios sustentables en cafeterías e comedores dependentes da administración local.
3. Loitar contra as desigualdades sociais, económicas e territoriais desde un novo modelo que terá como necesidade e consecuencia detraer recursos ociosos e especulativos para destinalo a unha nova política que impregne todos os ámbitos sectoriais de actuación e se traduza no beneficio da inmensa maioría da poboación. A administración local é o primeiro lugar onde se debe pechar o contrato social entre persoas podentes e necesitadas, e é aí onde o Concello debe liderar esa tarefa de xustiza social, garantindo os dereitos básicos da cidadanía: vivenda e traballo.
4. Manter a realización de cursos de formación ocupacional, escolas-obradoiro, obradoiros de emprego, medindo de forma continua a súa eficacia, e orientándoos aos sectores e actividades estratéxicos recollidos neste programa. Impulsar o banco de tempo xa creado pero abandonado polo actual Goberno.
5. Apoio á creación de cooperativas e empresas de economía social, e de entidades que fomenten a cooperación e a colaboración, e que presten un beneficio social. Impulso aos proxectos de moeda social.
6. Apoio ás novas iniciativas empresariais. O desenvolvemento do concello e da comarca depende da creación de emprego. Creación de espazos nos que se establezan empresas que comezan a prezos reducidos, subvencionando (total ou parcialmente) local, conexión a internet, etc. Pódese facer a asignación a través de concursos. Priorizas as empresas de natureza tecnolóxica, científica ou cultural xoguen un papel primordial. Ademáis deberase de coidar que os proxectos son realmente innovadores e non entran en competencia directa co tecido de pequena empresa xa existente.

### **Facenda local:**

1. A transparencia nas contas é unha condición necesaria para a eficiencia na xestión dos recursos públicos. Debemos coñecer a orixe da débeda pública municipal e os axentes económicos directamente beneficiados pola mesma, así como avaliar en que medida dita débeda se debe á prestación de servizos por parte do Concello que non son competencia municipal, cuxo financiamento é debido á insuficiencia e atraso dos fondos procedentes doutras Administracións. Elaboración dun Plano Económico e Financeira a medio prazo e posta en marcha do Observatorio Económico-Fiscal municipal.
2. Supresión de beneficios fiscaís ou doutra índole ás empresas. O apoio a determinadas actividades ou sectores debe realizarse non mediante subvencións ou convenios, senón pola vía do gasto público e da contratación socialmente responsable que xenere unha economía sustentable.

O principal problema dos estradenses actualmente é a falta de emprego e o temor de que os seus membros da unidade familiar non teñan a posibilidade de desenvolverse dentro da vila, factor imprescindible para que un concello coma o da Estrada poida fixar poboación e ofrecer ós seus veciños unha progresión adecuada no nivel de vida.

### **Solo industrial**

Traballaremos en colaboración coas consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras e con Economía e industria da Xunta de Galicia, para analizar cales son as necesidades reais que se necesitan para a ampliación do parque empresarial do polígono de Toedo, coa súa característica de solo público e de calidade.

Dotaremos o parque xa existente de axeitadas comunicacións como son as liñas de internet con estabilidade e potencia superior a 20 megas, problemática que existe actualmente e que non foi corrixida polos gobernos anteriores.

Actuaremos dende o Concello como axentes dinamizadores para a implantación de empresas favorecendo o asentamento das industrias e reducindo os seus custes impositivos.

En canto a outros espazos destinados ás actividades industriais e comerciais do noso Concello ( mais de 15 áreas recollidas no novo PXOM), coordinaremos as necesidades reais para expansión das empresas xa ubicadas, proporcionándolles os servizos e axudas adecuadas que necesiten para manter e incrementar as actividades que desenvolven.

### **Sector do moble e Fundación de Exposicións e Congresos**

Aplicaremos estradensismo a un sector tan importante e clave para A Estrada, como é a madeira e a carpintería, convidando a que todos os axentes relacionados co sector propoñan ideas viabéis e participen con voz e voto nun novo escenario para os profesionais.

Potenciaremos escolas para a xuventude e desempregados para non perder o Know How (coñecemento tecnolóxico) que existe na vila e crearemos unha imaxe de marca con denominación de orixe que terá por nome " MADEIRA E MOBLE DA ESTRADA".

En canto á Fundación de Exposicións E Congresos, hai necesariamente que reconsiderar as súas actividades. Como primeira medida, propoñemos que a Fundación traballe en colaboración con outros organismos e fundacións na creación dunha gran feria-escaparate internacional que englobe a todo o sector, tanto de produtores como de empresarios da primeira e segunda transformación da madeira e mobles. Esta proposta refrendámola dende o punto de vista de que a actual feira do moble non é operativa nin rendible, nin incorpora á maioría dos axentes que traballan no sector, acumulando un déficit de sobra coñecido.

### **Autónomos e empresariado**

Para crear novos empregos na vila e conservar os que xa hai, crearemos un departamento gratuito e exclusivo dentro do Concello que se adique a xestionar todas as inxerencias dos traballadores autónomos ( traballadores por conta propia), para poder tomar decisións colexiadas coa finalidade de que non se produzan perdas de patrimonio cando se realice unha actividade económica, profundizando no asesoramento especializado e facendo rendibles as iniciativas. Por iso a primeira medida vai ser a creación de unha Unidade De Apoio Empresarial que coordine a profesionais estradenses e facilite a súa interacción co empresariado.

## **ÁREA 4: DEREITOS E XUSTIZA SOCIAL**

### **Igualdade de xénero**

Dende A Estrada Pode somos conscientes de que as diferenzas existen pero queremos loitar por un concello inclusivo e que garanta a igualdade en dereitos dos seus cidadáns/anas. Para que haxa unha idea de xustiza na sociedade tense que ter clara a idea de igualdade. Igualdade de oportunidades para crecer e desenvolvernos libremente e así mellorar a calidade de vida de cada un de nos. As diferenzas entre as persoas iguálanse a través dos dereitos.

Entendemos que hai obstáculos que dificultan o exercicio dos seus dereitos a certas persoas, e que as condicións de partida non son sempre as mesmas. Consideramos fundamental loitar pola garantía de partir dunhas mesmas oportunidades reais baseadas nuns dereitos que se respeten e garantan un concello máis democrático. Loitaremos pola implantación de políticas de xénero que nos permitan acadar os obxectivos marcados.

### **ÁREAS DE INTERVENCIÓN**

Integración do principio de igualdade de oportunidades nas Administracións Públicas, na política e a participación social.

Información, comunicación e sensibilización da cidadanía

Promoción económica: emprego e formación.

Coeducación

Organización territorial e vivenda

Saúde e benestar social

Cultura, actividade física e deportiva, ocio e tempo libre

Mulleres no ámbito rural

Conciliación da vida familiar, personal, profesional e corresponsabilidade

Violencia contra as mulleres

Perspectiva de xénero no deseño da cidade

### **OBXETIVO XERAL**

Promover a integración das persoas como cidadáns/as plenos/as impulsando políticas transversais e de acción positiva que contribúan a crear condicións e estruturas sociais que favorezan a igualdade, conseguindo unha igualdade real no noso concello.

Para poder levar a cabo estes obxetivos tendo en conta a metodoloxía, organízase a implementación en distintas áreas de traballo cos seus obxectivos específicos.

## **OBXETIVOS ESPECÍFICOS**

Educar en valores de igualdade.

Aumentar a sensibilización sobre cuestións específicas có fin de modificar actitudes ou comportamentos estereotipados.

Evitar unha linguaxe e imaxe estereotipada e sexista das mulleres nos medios de comunicación e na publicidade.

Abrir un proceso de debate e reflexión institucional sobre o compromiso de impulsar a igualdade entre mulleres e homes desde tódolos Departamentos do Concello.

Ofrecer ferramentas para la inclusión do enfoque transversal de xénero no diseño e xestión das políticas municipais.

Servir de referente ás Entidades Locais en materia de igualdade de oportunidades, establecendo medidas que apoiem, impulsen e orienten o desenvolvemento efectivo das súas propias competencias en materia de igualdade.

Favorecer a creación dun marco de referencia para a xestión das políticas de igualdade a nivel local.

Adecuación do sistema educativo ó principio de igualdade de oportunidades. Formar ó personal técnico, político e de educación en materia de igualdade de oportunidades e coeducación.

Establecer procedimentos para que os Equipos Directivos e de apoio escolar se impliquen na elaboración de proxectos de centro coeducativos.

Crear nos centros educativos fondos de materiais coeducativos e materiais de apoio á introdución da perspectiva coeducativa nas distintas materias. Impulsar a utilización non sexista da linguaxe e as imáxenes nos centros educativos.

Realizar campañas de orientación para incrementar o acceso das mozas a estudos técnicos e científicos. Difundir e sensibilizar sobre a importancia da participación social, política e sindical das mulleres para a consecución da igualdade real.

Realizar e difundir estudos sobre a evolución e necesidades actuais das asociacións de mulleres facendo partícipes a éstas, tanto no medio rural como urbano.

Facilitar ós menores o aprendizaxe de habilidades e actitudes non sempre garantizadas nos procesos de socialización sobre liderazgo, empoderamento persoal, autoafirmación, asertividade e traballo en equipo.

Propoñer que la organización da actividade política e sindical teña en conta as necesidades e horarios da vida familiar, dando valor á cultura do cuidado e a responsabilidade familiar.

Adaptar espazos para a igualdade (cambiadores de bebés en baños masculinos e femininos, e en lugares como o Centro de Saúde).

Crear recursos municipais de apoio destinados a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Elaboración dun protocolo de actuación para cualquier tipo de acoso por cuestión de sexo.

Promover estratexias para a sensibilización e a prevención da violencia de xénero.

## **A igualdade de xénero no centro da política local**

É de xusticia social que as políticas locais estén deseñadas e implementadas dende unha perspectiva de xénero, presupostos específicos para políticas de igualdade, compromiso político explícito e situación orgánica estratéxica da área de igualdade que incida en todas as concejalías.

### **Medidas estruturales:**

- Os gobernos locais deben contar con concejalías específicas de igualdade de xénero, con suficientes recursos económicos e personal formado para a posta en marcha de políticas de igualdade. Estas concejalías deben depender directamente da Alcaldía, contando así co suficiente respaldo político, con unha visión xeral das actuacións municipais e coa capacidade de coordinar o traballo interseccional e transversal.
- Os concellos deben traballar dende unha estratéxica de integración da perspectiva de xénero en todas as súas políticas, así como dende a elaboración de accións específicas destinadas a erradicar as desigualdades entre mulleres e homes nos seus municipios.
- As políticas de igualdade deben levarse a cabo dende a interseccionalidade do xénero con outras categorías que poden xerar desigualdade: a clase, a etnia ou a orixen, a idade, a identidade e a orientación sexual. As desigualdades e discriminacións múltiples que afectan ás mulleres deben ser tidas en consideración polos gobernos locais que deben dar resposta ás necesidades específicas de todas as mulleres.
- O análise de impacto de xénero dos presupostos e do resto de ordenanzas e normativa municipal debe ser práctica sistemática e obligatoria en todos os municipios do Estado español. Esta medida é imprescindible para reorientar recursos e situar de maneira efectiva os cuidados e as necesidades das persoas no centro da política local, así como para democratizar o proceso presupuestario permitindo un maior coñecemento e discusión social sobre prioridades.
- Abogamos polacreaciónn de consellos municipais de xénero donde se fomente a participación activa das mulleres do municipio na toma de decisións das políticas que alí se leven a cabo. Débese garantir o acceso do movemento feminista e das entidades de mulleres ós procesos institucionales municipais. Para una repolitización efectiva da igualdade de xénero, é preciso ó empoderamento e a a inclusión das voces de todas as mulleres nos procesos institucionales.
- Axuste da dirección das políticas de xénero no Concello co fin de ter suficiente apoio político, unha descripción da acción municipal e a capacidade para coordinar o traballo intersectorial e interdisciplinario.

- Evaluar sistemáticamente o impacto de xénero das intervencións, con especial énfasis na preparación de presupostos con perspectiva de xénero. Esta medida é fundamental para reorientar os recursos e efectivamente poñer o cuidado e as necesidades sociais no centro da política local e democratizar o proceso presupuestario ó permitir unha mellor comprensión e debate social acerca das prioridades.
- Promover a participación e a decisión das empresas do movemento feminista da cidade ó longo deste proceso para asegurar unha implementación exitosa desta estratexia política.

### **Exclusión social:**

Creación dun teléfono de emerxencias sociais e censo voluntario de persoas en risco de exclusión social. Que, tralo pertinente debate e participación, se cree o teléfono municipal de emerxencias sociais nas que persoas que coñezan ou padezan unha situación de vulnerabilidade (física, psíquica, económica ou social) a poidan expoñer, por suposto, este teléfono municipal é de carácter informativo onde as veciñas e veciños poidan indicar os problemas que detectan, en ningún caso se trata dun mecanismo de denuncia, vixilancia ou control da cidadanía.

Que se se leve a cabo o pertinente traballo de campo por parte dos servizos sociais, en colaboración con outras institucións sociais da cidade, co fin de elaborar un censo de persoas en situación de vulnerabilidade (física, psíquica, económica ou social), que voluntariamente se presten a formar parte deste servizo municipal.

Os obxectivos deste censo de carácter voluntario, ademais dos que poidan decidirse a través da participación cidadá para a súa creación, serían poder actuar con rapidez e concreción en cada caso estudado, posto que ao coñecer a realidade concreta da persoa que necesita axuda pódese, mediante os protocolos establecidos, encamiñala cara o servizo público ou axente social que poida satisfacer as súas demandas.

### **VIVENDA:**

**Evitar a proliferación de vivendas baleiras ou en estado de abandono** promovendo a súa saída ao mercado de alugueiro, con dúas medidas básicas. Medidas impositivas con recarga do IBI para aquelas vivendas sen uso, acordos cos propietarios para rehabilitar as vivendas abandonadas a cambio da cesión temporal ó concello para destinala a vivenda de alugueiro.

Para facer efectivo o evitar a proliferación de vivendas baleiras promovendo o mercado de aluguer, unha das ferramentas necesarias sería a Creación da Axencia Pública Municipal de Aluguer. Esta axencia encargaríase da xestión de vivendas para que estas sexan ofrecidas en réxime de aluguer a prezos razoables para o peto da xente xoven, traballadores e traballadoras da cidade, dando prioridade ós sectores sociais máis desfavorecidos, como xóvenes con fillos, rendas baixas.

Isto permitiría o acceso á vivenda a moitos colectivos sociais excluídos polos elevados prezos das vivendas en aluguer, que se poderían fixar de conformidade ós ingresos familiares dos arrendatarios.

O Concello de A Estrada non apoiará con ningún recurso ou medio que dependa del o despexe de ningún veciño ou veciña do concello. Ademais disto o Concello retirará os fondos das entidades financeiras que executen desaucios en primeiras vivendas.

Crear, tras o pertinente debate e colaboración coas entidades e colectivos sociais da cidade, o Servizo Municipal de Atención Integral a Persoas sen Fogar. Este servizo estará dirixido a persoas en situación de alta exclusión, sen fogar e con alta vulnerabilidade social. Debe integrar un conxunto de servizos destinados non só a ofrecerlles un aloxamento puntual, senón tamén a favorecer a inserción social das persoas usuarias, ofrecendo unha atención integral e individualizada.

O servizo proposto debería contar, entre outras medidas, cunha unidade convivencial de curta estadía, recurso para persoas que se atopan en itinerancia, en moitos casos dende hai anos; neste programa, debido á curta estadía, as actuacións coas persoas limítanse a ofrecerlles aloxamento, comida, hixiene e roupa. O servizo municipal debe completarse cunha unidade convivencial de media estancia, dirixida a persoas en proceso de inserción social e tamén a grupos familiares, preferentemente con menores ó seu cargo, que circunstancialmente carezan de vivenda e medios económicos; suporían estadias a medio prazo, de seis meses prorrogables por un máximo doutros seis.

Este servizo municipal de atención integral a persoas sen fogar debería contar tamén cunha Casa aberta // Centro de día, destinado a persoas sen fogar que levan vivindo moito tempo na rúa e que padecen un grave proceso de deterioro físico e psicosocial, que fan inviable un proceso de inserción.

## **PERSOAS MAIORES E/O DEPENDENTES**

O envellecemento da poboación é un feito cada vez mais alarmante, sobre todo na nosa Comunidade Autónoma, e A Estrada non se escapa desta triste realidade que é cada vez mais palpable e que se ve agravada sobre todo no rural, xa que existen casos no noso propio Concello no cal as aldeas están a piques de desaparecer, pois nas súas casas só residen persoas de avanzada idade. Esta circunstancia é debida entre outras causas, a que os seus fillos e fillas tiveron que trocar a súa residencia ás urbes ou emigrar fora en busca de traballo, xerando a despoboación do rural é unha concentración da poboación mais nova na urbe no mellor dos casos. Aínda que tendo en conta as estatísticas, este movemento poboacional dirixiuse principalmente fora do noso municipio. Isto xenera que as persoas maiores queden sen apoio persoal inmediato e se vexan sumidas na soidade e abandono, agravándose máis nos casos no que padezan algunha discapacidade ou dependencia, no cal quedan totalmente desprotexidos.

O obxectivo principal, dende o organismo público, é atender ás necesidades e demandas das persoas maiores garantindo o seu benestar e calidade de vida, conseguindo a súa vez que sigan en activo e integradas na nosa sociedade.

Para acadar este obxectivo é preciso deseñar, planificar e coordinar unha serie de programas e recursos orientados para solventar as necesidades e demandas das nosas persoas maiores.

Para conseguir este obxectivo principal é necesario acadar primeiro unha serie de **obxectivos específicos:**

Mellorar os mecanismos existentes para a protección dos dereitos das persoas maiores e a prevención das situacións de risco e en situación de dependencia.

Achegar recursos para manter o máximo o nivel de autonomía persoal, así como tamén retardar na medida do posible as situacións de dependencia, ampliando os recursos sociais e servizos de calidade que melloren as súas condicións de vida.

Impulsar e cooperar na formación e cualificación desenvolvendo accións formativas para mellorar a capacitación tanto dos profesionais como cuidadores non formais.

Favorecer a conciliación familiar das familias que conviven e/ou coidan a persoas maiores.

Fomentar actitudes activas e participativas nas persoas maiores adaptando os programas as súas necesidades e demandas conseguindo unha plena integración na sociedade.

Fomentar o acercamento das persoas maiores ós bens culturais e a unha ocupación enriquecedora do ocio e do tempo libre.

Ampliar os niveis de educación das persoas maiores, incrementando o seu desenrolo persoal e grupal.

Promover unha mellora da imaxe social das persoas maiores superando os estereotipos e fomentando os valores positivos asociados a esta etapa da vida.

Potenciar a integración comunitaria e poñer en marcha actividades tendentes a favorecer as relacións interxeneracionais.

Para poder conseguir estes obxectivos levaremos a cabo as seguintes **medidas:**

Axudar e asesorar na tramitación da solicitude e valoración do Grado de Dependencia.

Incrementar os orzamentos destinados o Servizo de Axuda no Fogar, no cal teñen preferencia as persoas maiores con déficit de autonomía, persoas con discapacidade e dependentes, cando carezan de apoio persoal no seu entorno inmediato. As tarifas serán segundo baremo económico.

Facer un seguimento das persoas maiores do Concello que viven sol@s e detectar as súas carencias.

Levar a cabo o Servizo de Teleasistencia Domiciliaria para as persoas maiores que viven solas con limitacións físicas ou psíquicas.

Realizar obradoiros, cursos e accións formativas en colaboración con asociacións, entidades ou organizacións para a formación de cuidadores de persoas maiores e dependentes.

Desenvolver un Programa de Xuntamentos en colaboración con outras organizacións, asociacións, etc., a través do cal se realizan excursións curtas dun día dirixidas ás persoas maiores que viven soas para interaccionar con outras persoas e sacalos da soidade a que se ven sumidos diariamente.

Crear un Programa de Ocio e Respiro Familiar, nas que se realicen actividades de ocio e deporte para as persoas maiores, persoas con discapacidades e dependentes. Estas actividades permiten que os familiares que exercen de cuidadores habituais durante todo o ano poidan tomar un respiro.

Realizar o Programa Comer na Casa, a través do cal se pretende mediante un servizo de comida a domicilio, facilitar e garantir unha alimentación adaptada as necesidades das persoas maiores e/ou dependentes con dificultades de autonomía persoal.

Crear un Centro de Día adaptado as persoas maiores, persoas con discapacidades e dependentes.

Suprimir barreiras arquitectónicas e adaptar os espazos de maneira que non sexan impedimento para desenvolverse no día a día fora do seu fogar. Como por exemplo: beirarrúas, espazos públicos.

Colaborar activamente coas plataformas, asociacións ou organizacións que realizan actividades, obradoiros e cursos destinados as persoas maiores.

Optimizar o Programa de Actividades de Maiores en Activo (Taller de Memoria, Taller de Xerontoximnasia, Curso de Iniciación a Internet, Taller de Consumo...) en colaboración coas plataformas, asociacións ou organizacións que realizan actividades, obradoiros e cursos destinados as persoas maiores.

Promover a acollida nas familias de persoas maiores e dependentes que viven soas. A axuda remunerada será segundo baremo económico.

Actividades de Sensibilización cara o colectivo de persoas maiores e dependentes tanto en colexios, institutos ou calquera outro ámbito.

Levar a cabo Actividades Interxeneracionais. Serían actividades realizadas entre avós e avoas, net@s, amig@s, fill@s en colaboración con plataformas, asociacións ou organizacións que queiran participar.

Optimizar o Programa Diúrno de Carácter Lúdico en Balnearios.

Optimizar o Programa de Vacacións do INSERSO.

## INFANCIA E FAMILIA

A familia é un dos colectivos máis afectados desta crise económica. Os orzamentos destinados a paliar as dificultades familiares vense reducidos sendo un feito totalmente contraproducente coa realidade actual, xa que o número de familias que se atopan na pobreza ou que a rozan, vai en aumento.

Dende os Servizos Sociais de A Estrada débese xestionar os servizos, recursos e proxectos dirixidos ó apoio ás familias en xeneral, pero sobre todo débese facer fincapé naquelas que teñan menores o seu cargo e están ou corren ou risco de estar en situación de exclusión social, co obxecto de eliminar os factores que poderían ser causa de desprotección, e proporcionar ós menores un entorno familiar que garante o seu desenvolvemento.

O obxectivo principal dende o noso Concello é protexer, promover e estabilizar a estrutura familiar e mellorar a súa calidade de vida.

Pero antes, para poder chegar a este obxectivo principal, debemos centrarnos en levar a cabo os seguintes **obxectivos específicos**.

Mellorar os mecanismos existentes para a protección das familias en xeneral, pero sobre todo aquelas con menores o seu cargo e/ou están ou corren o risco de estar en situación de exclusión social intentando cubrir as súas necesidades básicas.

Atender de maneira inmediata en casos de emerxencia tanto familiar como persoal que poden producirse debido a que atravesan situacións críticas.

Promover, facilitar, cooperar e dotar de medios necesarios para que se dea unha auténtica conciliación familiar no noso concello.

Facilitar a integración laboral das familias en risco ou corren o risco de estar en situación de exclusión social a través de programas municipais e/ou con recursos novos ou xa existentes no municipio.

Salvagardar os dereitos dos nenos e nenas garantindo que as súas necesidades estean cubertas así como se cumpran os seus dereitos.

Intervir nos casos de desprotección infantil.

Mellorar a coordinación de actuacións con outras asociacións, plataformas.

Promocionar recursos e programas sobre as diversas situacións que afectan as familias e a infancia

Así pois, para poder conseguir estes obxectivos levaremos a cabo as seguintes medidas:

Realizar un Proxecto Municipal de Acollemento Temporal en vivendas Municipais.

Crear un Servizo de Atención de Emerxencia Social, na cal se dea unha resposta inmediata a diferentes situacións de emerxencia social contando coa colaboración de plataformas, asociacións ou organización.

Facer un seguimento en colaboración cas plataformas, asociacións ou organizacións, das familias que están ou corren o risco de estar en situación de carencia ou exclusión social.

Incrementar os orzamentos destinados as plataformas, asociacións ou organizacións que axudan as familias e a infancia que están ou corren o risco de estar en situación de carencia ou exclusión social.

Colaborar activamente realizando proxectos e servizos comúns coas plataformas, asociacións ou organizacións que axudan as familias e a infancia que están ou corren o risco de estar en situación de carencia ou exclusión social.

Aumentar o orzamento segundo o incremento de familias beneficiarias do banco de alimentos municipais asegurando que sexa estable ó longo do ano e cubra as súas necesidades alimentarias e garantindo calidade e variedade dos alimentos.

Realizar obradoiros, cursos e accións formativas en colaboración con asociacións, entidades ou organizacións para a integración laboral ás familias que están ou corren o risco de estar en situación de carencia ou exclusión social que inclúan prácticas en empresas e firmen compromiso de contratación dalgún usuario da actividade por un período mínimo de 6 meses.

Desenvolver un Proxecto de Prevención e Integración Municipal nas que se realicen dúas accións conxuntas: prestación económica e itinerario de integración social. Dito proxecto está destinado a resolver necesidades de carácter básico e urxente.

Crear un Servizo de Atención Colectiva de menores dende os 3 anos ata os 12 anos. Neste servizo atenderase os nen@s proporcionándolle a merenda, apoio educativo e calquera outro servizo que se considere oportuno. Terán preferencia os menores en risco social. As tarifas serán segundo baremo económico.

Crear un Servizo de Atención Familiar na Casa cunha resposta rápida para situacións extremas de exclusión social das familias con cargas familiares de menores de idade.

Crear un Servizo de Atención a Transeúntes en colaboración cas plataformas, asociacións ou organizacións, o cal terá como finalidade a procura de maneira temporal do aloxamento, manutención e transporte a transeúntes sen medios económicos.

Conceder becas para material escolar na segunda etapa de educación infantil conforme un baremo económico.

Restablecer as becas comedor durante o ano escolar e estudo da necesidade real da súa continuación en épocas estivais para garantir unha comida ó día nos nen@s que están ou corren o risco de estar en situación de carencia ou exclusión social.

Restablecer becas de carácter educativo (logopedia,...)

Facer un seguimento e atender @s fill@s menores das mulleres que sofren violencia de xénero.

Participar e/ou difundir aquelas campañas ou iniciativas sobre maltrato infantil.

Realizar accións encamiñadas a previr situacións de discriminación e exclusión social en familias con cargas familiares non compartidas, por dispor de menos oportunidades socioeconómicas e apoio persoal.

## **MOCIDADE**

O noso Concello debe levar a cabo unha política que responda ás necesidades, intereses e expectativas dos e das xóvenes estradenses. Ten que adaptar as políticas dirixidas á xuventude ás necesidades reais dos xóvenes colaborando con diferentes institucións, asociacións e organizacións, para mellorar os servizos xa existentes e incluíndo outros novos.

O plan de mocidade pretende centrar as súas actuacións e propostas nas seguintes **liñas estratéxicas**:

